

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA, POLA QUE SE CONVOCAN POSTOS PARA SÚA PROVISIÓN TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE SUBSTITUCIÓN

A Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial dispón no seu artigo 527.2 que con carácter excepcional poderán ser cubertos temporalmente mediante substitución os postos de traballo que se atopen vacantes ou cando o seu titular estea ausente.

O Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, ditado en desenvolvemento do previsto na Lei Orgánica do Poder Xudicial, regula no seu artigo 74 as substitucións.

Así mesmo, e no exercicio das súas competencias, por parte da comunidade autónoma de Galicia ditouse a Resolución do 11 de decembro de 2025, pola que se regulan as substitucións entre persoal funcionario no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 1 da dita resolución establece: "Esta resolución ten por obxecto regular a provisión de forma temporal, mediante substitucións, dos postos de traballo reservados ao persoal funcionario integrante dos corpos ou escalas xerais ao servizo de Administración de xustiza – corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e mais de auxilio xudicial– que preste os seus servizos na Administración de xustiza en Galicia cando estes postos se atopen vacantes ou cando o seu titular estea ausente en períodos de longa duración."

Orixinada ou próxima a producirse a desocupación de diversos postos susceptibles de cobertura mediante substitución entre titulares, procede anunciar a convocatoria para a súa provisión temporal, de acordo co previsto nos artigos 6 e 7 da Resolución do 11 de decembro de 2025, pola que se regulan as substitucións entre persoal funcionario no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia.



BASES DA CONVOCATORIA

PRIMEIRA. Destinatarios/as

Poderá solicitar as substitucións, con exención de funcións nos seus postos, o persoal funcionario de carreira dos corpos e escalas xerais ao servizo da Administración de xustiza con destino en órganos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que estea en situación de activo e leve polo menos un ano no posto.

O persoal funcionario que na data da respectiva convocatoria estea a desempeñar un posto en comisión de servizos ou substitución poderá participar na dita convocatoria sempre que leve máis dun ano na comisión de servizos ou substitución respectiva.

SEGUNDA.- Postos de traballo ofertados

Os relacionados no Anexo I, coa indicación da causa que motiva a ausencia do seu titular.

TERCEIRA.- Solicitudes

1. Todas as persoas solicitantes deberán completar obrigatoriamente a súa solicitude a través do formulario electrónico dispoñible na Oficina Virtual do Persoal da Administración de Xustiza (OPAX), no sitio web <http://opax.xunta.es>
2. O prazo de presentación de solicitudes será de TRES DÍAS hábiles desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución na intranet de Xustiza e na web da Consellería.

CUARTA.- Recursos

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición ante o director xeral de xustiza no prazo dun mes (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xudicial competente no prazo de dous meses (art. 14 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

O Director Xeral de Xustiza
José Tronchoni Albert



ANEXO I

Órgano xudicial da desocupación:	Servizo Común de Tramitación do TI de Monforte de Lemos		
Código do posto	XG9258000027031602.00 (GA)		
Motivo da desocupación:	Liberación sindical	Corpo:	CXPA

Órgano xudicial da desocupación:	Fiscalía Provincial Ourense		
Código do posto	XG9257802032001704.00 (GA)		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CTPA

GA – Gardas

